**Federación Galega de Atletismo**
Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 - Fax: 981-292056. Correo: secretariogeneralfga@gmail.com .
Páxina Web: http://www.atletismogalego.org – 15008 – A CORUÑA

XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

**ACTA 2/2014**

# ACTA DA ASEMBLEA XERAL PARA A ELECCIÓN DE PRESIDENTE E COMISIÓN DELEGADA 2014-2018

**Salón de Actos da Secretaría Xeral para o Deporte**
**Santiago de Compostela, 31 de xullo do 2014**

Remítese o día 8 de agosto o acta da Asemblea Xeral para a Elección de Presidente e Comisión Delegada, solicitando aos membros da mesma que, no caso de que apreciaran calquera erro na súa confección, o comuniquen urxentemente ao Secretario Xeral da F.G.A.

## ORDE DO DÍA

1. Elección do Presidente
2. Elección dos membros da Comisión Delegada

Antes da redacción do texto da Acta preséntase a relación dos novos asembleistas unha vez celebradas as eleccións á Asamblea Xeral da Federación Galega de Atletismo 2014-2018.

**PRESIDENTE SAÍNTE:**
Isidoro Hornillos Baz

**PROVINCIA DE A CORUÑA**

**ESTAMENTO DE CLUBES**
A.At.Dep.Barbanza
Atletica A Silva
Atletismo Fontes Do Sar
Atletismo Riazor Coruñ
C. A. Afflelou Naron
Club Atletismo Millaraio
Club Atletismo Noia
Club Atletismo Sada
Club Atletismo Sar
Clube Atletismo Coruña Comarca
Marineda Atletico
Olimpico Vedra
Ria Ferrol-Concepcion Arenal
Santa Maria Del Mar
Universidade Santiago Compostela

**ESTAMENTO DE ATLETAS**

Prego Tabuyo, Enrique
Rodríguez del Río, Mª de los Ángeles
Rodríguez Miguélez; Mª Teresa
Teijeiro Martorell, Eva
Varela Rivas, Vanesa

**ESTAMENTO DE ADESTRADORES**

Veiga Doldán, Vicente

**ESTAMENTO DE XUÍCES**

Fernández Amado, Mª Berta

**PROVINCIA DE LUGO**

**ESTAMENTO DE CLUBES**

A Gandara
Club Lucus Caixa Rural Galega
Club Polideportivo Maristas Lugo
Egovarros de Viveiro
Escola Atletica Lucense
Escolas Dep. Lourenza
Franciscanos

**ESTAMENTO DE ATLETAS**

Arribas Rodríguez, Erika
Arrojo Fernández, Rubén

**ESTAMENTO DE ADESTRADORES**

Lombao Pena, José Manuel

**ESTAMENTO DE XUÍCES**

Martín Teijeiro, Eustorgio Martín

**PROVINCIA DE OURENSE**

**ESTAMENTO DE CLUBES**

A.D. Limiactiva
Asociacion Deportiva Atletica Do Sil (Adas)
Burgas Atletismo Ourense
Club Atletismo Guillerme Brown
Club Deportivo La Purisima
Club Ourense Atletismo

**ESTAMENTO DE ATLETAS**

Gómez Rosales, Eladio
Nogueira Fernández, Luis
Seoane Vázquez, Óscar José

**ESTAMENTO DE ADESTRADORES**

Fidalgo Vázquez, Angel

**ESTAMENTO DE XUÍCES**

López-Montesinos Vázquez, Ángel

# PROVINCIA DE PONTEVEDRA

## ESTAMENTO DE CLUBES

A.D.Mazi
Agrupacion Viguesa De Atletismo
Atletismo C.S.C.R. Beade
Atletismo Cuntis (Adm)
Atletismo Deza
Atletismo Morrazo
Atletismo Porrino
Atletismo Samertolameu
Atletismo Tui
Atletismo Vila De Cangas
Club Atletismo Estrada
Club Atletismo Femenino Celta
Club Suarez Marquier
Comesaña Sporting Club
Real Club Celta De Atletismo
San Narciso
Sociedad Atletica Val Miñor
Sociedad Gimnastica de Pontevedra

## ESTAMENTO ATLETAS

Brea Ozores, Martín
Domínguez Salas, David
Fernadez Rodrígues, Juan Pablo
Martínez Ageitos, Manuel
Solla Carballo, Alexandre

## ESTAMENTO ADESTRADORES

Ferrer Moreira, Santiago

## ESTAMENTO XUICES

Torres Castiñeira, Mª del Carmen

**MEMBROS PRESENTES NA ASEMBLEA**

**Presidente saínte e Secretario**
Isidoro Hornillos Baz
Víctor Arufe Giráldez

**Estamento de Clubes**

Atlética A Silva (José Fernández Caballero)
Atletismo Fontes do Sar (Pedro José Sanchez del Río)
Atletismo Riazor Coruña (Julio Santiago Freijanes)
Club Atletismo Affelou Narón (Álvaro Valle Fraga)
Club Atletismo Millaraio (José David García Arcos)
Club Atletismo Sada (Pedro Abeledo Cortizas)
Club Atletismo Coruña Comarca (José Carlos Tuñas Dugnol)
Marineda Atlético (Yolanda González Gutierrez)
Ría Ferrol-ConcepciónArenal (Marcelino Crespo Rabanal)
C.A. Lucus Caixa Rural Galega (Xosé Xabier Díaz Fernández)
A.D. Limia Activa (Óscar Gómez Miguez)
Agrupación Atlética do Sil (Agustín González Ruiz)
Club Atletismo Cuntis (José Antonio Pardal Baños)
ComesañaSporting Club (Joaquín Pérez Pérez)
Real Club Celta de Atletismo (José Ángel Rodríguez Casal)
Sociedad Gimnástica de Pontevedra (Ramón Touza Prieto)

**Estamento de Atletas**

Prego Tabuyo, Enrique
Rodriguez Miguélez María Teresa
Teijeiro Martorell Eva
Varela Rivas Vanessa
Gómez Rosales, Eladio
Nogueira Fernández, Luis
Seoane Vázquez, Óscar José
Brea Ozores, Martín
Fernández Rodriguez, Juan Pablo
Martínez Ageitos, Manuel

**Estamento de Adestradores**

Veiga Doldán, Vicente
Fidalgo Vázquez, Ángel
Ferrer Moreira, Santiago

**Estamento de Xuíces**

Fernández Amado, María Berta
López Montesinos Vázquez, Ángel
Torres Castiñeiras, María del Carmen

**AUSENCIAS**

**Clubes:**
Ag. Atlética Deportiva Barbanza
Club Atletismo Noia
Club Atletismo Sar
Olímpico de Vedra
Santa María del Mar
Universidade de Santiago

A Gándara
Club Polideportivo Maristas Lugo
C.D. Egovarros de Viveiro
Escola Atlética Lucense
Escolas Deportivas Lourenzá
Franciscanos Lugo

Burgas Atletismo Ourense
Club Atletismo Guillerme Brown
Club Deportivo La Purísima
Club Ourense Atletismo

Agrupación Deportiva Mazi
Agrupación Viguesa de Atletismo
Atletismo C.S.C.R. Beade
Club Atletismo Deza
Atletismo Morrazo
Atletismo Porriño
Club Atletismo Samertolomeu
Club Atletismo Tui
Atletismo Vila de Cangas
Club Atletismo Estrada
Club Atletismo Feminino Celta
Club Suarez Marquier
Club San Narciso
Sociedad Atletica Val Miñor

**Atletas:**
Rodríguez del Río María de los Ángeles
Arribas Rodríguez, Erika
Arrojo Fernández, Rubén
Domínguez Salas, David

Solla Carballo, Alexandre
**Adestradores:**
Lombao Pena, José Manuel

**Xuíces:**
Martín Teijeiron, Eustorgio

No Salón de Actos da Secretaría Xeral para o Deporte reúnense o día 31 de xullo de 2014 ás 19:00 horas os novos membros da Asemblea Xeral 2014-18 para tratar os dous únicos puntos da orde do día reflexados a continuación

**ORDE DO DÍA**

1. Elección do Presidente
2. Elección dos membros da Comisión Delegada

**Asisten tamén á Asemblea os membros da Xunta Electoral: Manuel Mora e Pita, Ramón Tasende e José Antonio Bastos. Así como o presidente honorífico da FGA D. Sergio Vázquez.**

**1.- Elección do Presidente**

O presidente da Xunta Electoral saúda aos membros da Asemblea e comunica que houbo unha soa candidatura para a presidencia, sinalando que foi a presentada por **D. Isidoro Hornillos**. Aplicando a normativa estipulada no Regulamento dos procesos electorais e nos estatutos da FGA, o presidente da Xunta Electoral sinala que ao existir un só candidato non fai falta facer votacións polo que **proclama a D. Isidoro Hornillos Baz presidente da Federación Galega de Atletismo para o periodo 2014-18**.

Pasa a darlle a palabra ao candidato para a Presidencia, quen expón o seguinte texto:

*Grazas Sr. Presidente da Xunta Electoral por darme a oportunidade de dirixir unhas verbas nesta Asemblea Extraordinaria. Prégolle que esta curta intervención que vou facer sexa engadida á acta da sesión para coñecemento xeral do atletismo de Galicia.*

*Benqueridos representantes, compañeiros e amigos:*

*Permitídeme que as miñas primeiras palabras sexan dirixidas aos membros da Xunta Electoral para agradecerlles, en nome de todo o atletismo de Galicia, o labor desenvolto durante este proceso electoral. Non se produciron ningún tipo de incidentes nin reclamacións polo que debemos felicitarnos.*

*O proceso estase celebrando con absoluta normalidade, co pleno cumprimento do texto legal aprobado para a elección dos órganos de Goberno da Federación Galega de Atletismo. Por todo iso, reitero o agradecemento aos señores D. José Antonio Bastos,D. Manuel Mora eD. Ramón Tasende.  Todos eles contan cunha gran experiencia nesta faceta. Un ano mais fixeron un traballo impecable, conducindo con gran acerto o proceso electoral.*

*Parabéns a todos os integrantes da Asemblea Xeral que hoxe se constitúe para esta nova lexislatura do período 2014-2018. Ser representante dos colectivos de clubs, atletas, adestradores e xuíces supón unha responsabilidade pero tamén un motivo de lexítimo orgullo.*

*De xeito especial dou a benvida aos novos membros que se incorporan por primeira vez a esta importante tarefa de poñer voz aos vosos representados nesta Asemblea Xeral.*

*Dende hoxe, e durante os vindeiros catro anos, formades parte dos órganos de Goberno da Federación Galega de Atletismo, compostos pola Asemblea Xeral, Comisión Delegada e Presidente.*

*Por poñer un simil, formades parte do parlamento do atletismo de Galicia no que o valor da verba, as propostas formuladas e os acordos adoptados adquiren a máxima relevancia e transcendencia para o futuro do atletismo galego e español.*
*Deséxovos moita sorte no cometido da vosa tarefa de representar aos diferentes estamentos do atletismo de Galicia. E confío en que o fagamos, tal e como se expresan nos estatutos da federacióngozando dos dereitos de*

- *Participar activamente nas deliberacións.*
- *Exercer o voso dereito ao voto.*
- *Desempeñar libremente as vosas funcións.*

*Pero tamén asumindo as obrigas de:*

- *Acudir ás xuntanzas.*
- *Emitir responsablemente o voto.*
- *Asumir con dilixencia os labores que vos foron encomendadas*
- *Gardar o segredo en todos aqueles asuntos que así o requiran.*

*Pola miña banda, como presidente da FGA, ofrecereivos todo o meu apoio para que poidades desenvolver os vosos cometidos con eficacia. Asemade esforzareime cada día en aportar o mellor de mi mesmo no desempeño das miñas tarefas e responsabilidades.*

*Agradezo o traballo desenvolto pola anterior Asemblea Xeral, Comisión Delegada, as diferentes comisións de atletas, adestradores e clubs, así como por parte da Xunta Directiva e Escola Galega de Adestradores.*

*Mención especial tamén ao Comité Galego de Xuíces, que están realizando un gran esforzo, dende a súa Presidencia, Xunta Directiva ata os Xuíces que actúan en cada unha das competicións atléticas. O seu traballo en cada proba proxecta unha parte importante da imaxe do atletismo galego.*

*Asemada grazas aos membros do Comité Técnico y do Comité Escolar polas súas aportacións e actividades desenvoltas durante os últimos catro anos.*

*Os diferentes colectivos de atletas, adestradores, clubs e xuíces están facendo todo o posible para que o atletismo galego siga medrando cada día e teña un maior prestixio e relevancia social.*
*Quero tamén ter palabras de agradecemento cara ao equipo humano das delegación como os meus colaboradores máis próximos. Todos eles desenvolveron un gran traballo, ás veces non exento de dificultades engadidas, asumindo voluntariamente e con frecuencia funcións que non lle corresponden pero con que son altamente beneficiosas para o atletismo galego.*

*Asemade un recordo especial e de gratitude cara aos membros do Comité de Disciplina Deportiva da FGA que fan unha labor na sombra moi importante. Estoume referindo a D. Manuel Mora, D. Manuel Teijeiro eD. Roberto García.*

*Tamén o noso recoñecemento ás moitas persoas voluntarias que colaboran en eventos atléticos, tanto de pista, ruta ou campo a través e que, co seu esforzo, proxectan a imaxe solidaria do atletismo galego.*

*Grazas ás entidades públicas que nos apoian regularmente como é a Secretaría Xeral para o Deporte dá Xunta de Galicia, Deputacións Provinciais e multitude de concellos de Galicia que depositan a confianza dunha parte da súa oferta deportiva na Federación Galega de Atletismo.*

*Así mesmo ás empresas privadas, grandes e pequenas, que colaboran co seu apoio en gran cantidade de eventos atléticos.*

*Mención destacada ao anterior Presidente da Federación Galega de Atletismo, Sergio Vázquez. Sempre que precisei do seu apoio estivo ao meu lado, ofrecéndome os seus valiosos consellos eamizade.*

*De xeito especial gratitude inmensa para a miña muller Ángela e a miña filla Lidia, sen cuxo apoio e comprensión non podería prestar o tempo diario ás miñas tarefas de presidente.*

***Compromiso***

*Compañeiros e amigos da Asemblea Xeral:*

*Asumo a presidencia con humildade, responsabilidade e gran compromiso.*

- *Con humildade, porque representa a virtude que consiste no coñecemento das propias limitacións e debilidades, obrando deforma consecuente con esta realidade.*
- *Acollo este cargo con responsabilidade, como valor situado na consciencia que permite reflexionar, orientar e valorar os efectos dos actos e das decisións.*
- *E asumo a presidencia da FGA con gran compromiso, porque como dirixente deportivo atópome no mellor da miña vida e sinto, modestamente, que teño capacidade e experiencia para seguir prestando servizos ao atletismo galego.*

*Durante as dúas últimas lexislaturas tiven ocasión de presentar a esta Asemblea Xeral o Plan Estratéxico do Atletismo de Galicia. Creo sinceramente que o seu desenvolvemento aportou aspectos moi positivos ao atletismo galego.*

*Pero os cambios que se están producindo no contexto socio deportivo, os efectos económicos da crise, o fenómeno das carreiras populares, a aparición de novos valores con gran proxección de futuro no atletismo galego, xunto a outras variables,obríganos a analizar con gran detalle este novo escenario.*

*Creo que foi William Shakespeare quen acuñou a famosa frase de que "prefiro ser rei dos meus silencios e non escravo das miñas verbas". Pois ben, ides permitirme que agora mesmo exprese o contrario que o soado dramaturgo, poeta e actor inglés. Ante vós prefiro ser escravo das miñas verbas e non dono dos meus silencios.*

*Fago esta inversión literaria para comprometerme ante todos vos e ante todo o atletismo galego a presentar o Plan Estratéxico do Atletismo de Galicia 2014-2018 no mes de Outubro e sometelo a debate público. Posteriormente pasará á Comisión Delegada e antes de rematar o ano á Asemblea Xeral da FGA.*

*Este é o meu compromiso públicoante os lexítimos representantes do atletismo de Galicia. Confeccionar un documento que analice con rigurosidade a nova realidade do atletismo de Galicia co obxecto de xustificaras liñas estratéxicas; obxectivos; toma de decisións emedidas concretas de actuación nos vindeiros catro anos.*

*Na actualidade o documento atópase nunha fase moi avanzada. Por todo iso, anímovos a participar activamente no debate e análise de moitas variables que condicionan o estado actual do atletismo de Galicia.*

*Considero importante salientar cas nosas obrigas como Xunta de Goberno da Federación Galega de Atletismo son as de optimizar ao máximo as funcións propias da FGA e as funcións públicas Delegadas pola Comunidade Autónoma. Neste sentido, o presidente da FGA asumirá en primeira persoa a máxima responsabilidade na xestión realizada.*

*Peropedirnos resultados da nosa xestión, fóra deste marco legal de actuación e cuxas responsabilidades recaen noutras entidades públicas con competencias en materia deportiva como son os Concellos, Deputacións ou mesmo a Secretaría Xeral para o Deporte, representa un pobre exercicio de demagoxia e populismo trasnochado que denota un profundo descoñecemento de quén a formula sobre a labor e función dunha federación deportiva autonómica ou mesmo estatal.*

*Iso non quere dicir que non se fagan xestións e reivindicacións, como fixemos coa licenza única, pero sabendo de antemán cas decisións finais non corresponden á Federación Galega de Atletismo*

*Con este compromiso público pecho a miña intervención. Moitas grazas aos membros da Xunta Electoral e a todos os componentes da Asemblea Xeral pola vosa atención. Felices vacacións de verán.*

## 2.- Elección dos membros da Comisión Delegada

O Presidente da Xunta Electoral da paso ao secretario para que proceda a repartir as papeletas de candidaturas para que calquer membro da Asemblea poda presentar a súa candidatura a formar parte da Comisión Delegada. Asemade tamén se reparten as papeletas de votación a cada membro da Asemblea.

Preséntanse as seguintes candidaturas:

**Estamento de Clubes.** Nº clubes presentados 8. Nº Clubes permitidos 6
Se presentan os seguintes: Millaraio, Ría Ferrol, Sociedad Gimnástica de Pontevedra, ADAS, Comesaña Sporting Club, Fontes do Sar, Riazor Coruña e Lucus.

Tras o proceso de votación obtéñense os seguintes resultados, sinálanse en vermellos os clubes elexidos para formar parte da Comisión Delegada:

ADAS-----14 votos
Ria Ferrol----- 12 votos
Sociedad Gimnástica-----11 votos
Lucus-----10 votos
Riazor Coruña-----8 votos
Comesaña Sporting Club-----7 votos
Millaraio-----3 votos
Fontes do Sar-----2 votos

*A Xunta Electoral aproba a incorporación dos seguintes clubes como membros da Comisión Delegada 2014-2018 da Federación Galega de Atletismo: ADAS, Ría Ferrol, Sociedad Gimnástica, Lucus, Riazor Coruña e Comesaña Sporting Club.*

**Estamento de Atletas.** Nº atletas presentados 5. Nº Atletas permitidos 2
Se presentan os seguintes atletas: Martín Brea, Eladio Gómez, Vanesa Varela, Juan Pablo Fernandez e Manuel Martínez Ageitos.

Tras o proceso de votación obtéñense os seguintes resultados, sinálanse en vermellos os atletas elexidos para formar parte da Comisión Delegada:

Martín Brea-----6 votos

Eladio Gómez----- 5 votos
Juan Pablo Fernández-----4 votos
Vanesa Varela-----2 votos
Manuel Martínez Ageitos-----1voto

*A Xunta Electoral aproba a incorporación dos seguintes atletas como membros da Comisión Delegada 2014-2018 da Federación Galega de Atletismo: Martín Brea e Eladio Gómez.*

**Estamento de Adestradores.** Nº adestradores presentados 1. Nº adestradores permitidos 1 Se presentan o seguinte adestrador: Ángel Fidalgo Vázquez ao non haber máis non se procede a votación.

*A Xunta Electoral aproba a incorporación do adestrador Ángel Fidalgo Vázquez como membros da Comisión Delegada 2014-2018 da Federación Galega de Atletismo*

**Estamento de Xuíces.** Nº xuíces presentados 2. Nº xuíces permitidos 1
Se presentan os seguintes xuíces: Ángel López Montesinos e Carmela Torres.

Tras o proceso de votación obtéñense os seguintes resultados, sinálanse en vermellos os xuíces elexidos para formar parte da Comisión Delegada:

Mª. Carmen Torres Castiñeira -----2 votos
Ángel López Montesino----- 1 voto

*A Xunta Electoral aproba a incorporación da seguinte xuíz como membro da Comisión Delegada 2014-2018 da Federación Galega de Atletismo: Mª. Carmen Torres Castiñeira.*

Sen máis temas que tratar péchase este acta.

Asdo.

Víctor Arufe Giráldez
Secretario Xeral Federación Galega de Atletismo
(Asdo. no orixinal)
Santiago de Compostela 31 de xullo do 2014